

Milagros Oya Martínez naceu en Vigo o 30 de outubro de 1966. É escritora, autora teatral e videocreadora.

Compaxina a súa actividade artística coa dirección do "Obradoiro de Escultura Jung" en Vigo, onde fai obras por encargo e se dedican á escultura artística en feiras de arte contemporáneo europeo.

Pertence ao colectivo artístico CÓJER (Colectivo Oya Jung para a Emancipación e a Rebeldía), que se crea en 2007 co fin de promover actividades artísticas que reflexionen e loiten pola liberdade individual en contra dos dereitos do grupo e que fomenten a rebeldía contra as violacións dos dereitos do individuo en calquera das súas formas.

Ten publicados máis dunha ducia de libros entre os que se atopa "Onk, un ourive nas estrelas". Como autora teatral, destaca a súa obra "La jaula", realizada co fin de loitar contra a marxinación social.

Como videocreadora loita contra a indiferenza mediante a escultura, a fotografía, videoarte e performance. A súa intención é que o espectador reflexione sobre a exclusión social, a intolerancia, o racismo e a xenofobia.

Mila Oya dirixe a librería virtual "LIBROTOTAL" desde o ano 2000, na que se poden adquirir e` libros e os guións teatrais da autora en arquivos PDF.

Nesta librería, realízase unha investigación constante sobre a relación entre os libros, a cultura e o xogo. Hai un xogo de rol para escolares chamado "Librototal en Ruta" que se desenvolve no entorno educativo coa fin de estimular a afección pola lectura dos máis pequenos.

Desde a súa tenda "LIBROTOTAL", Mila intenta controlar e difundir a súa obra utilizando as Novas Tecnoloxías para achegarse aos lectores.

Mila considera a exclusión social como a lacra máis importante da nosa sociedade polo que, a súa obra, pretende ser unha chamada de atención

ante a situación que viven milleiros de persoas no noso planeta mentres os seus semellantes os ignoran.

Mila Oya tamén é a directora dun portal dedicado á cultura e ás artes ([www.oya-es.net](http://www.oya-es.net)) e deseñou e dirixe un portal infantil e xuvenil ([www.nenos.com](http://www.nenos.com)) ao que os seus lectores poden acudir para opinar sobre as súas obras e para divertirse con xogos, contos e poesía.

